

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA CONTABLE, LABORAL E FISCAL. INCOACIÓN DO EXPEDIENTE.

RESOLUCIÓN

I. ANTECEDENTES

Vistas as actuacións seguidas para o contrato de servizo de "ASISTENCIA CONTABLE, LABORAL E FISCAL", e a efectos do disposto no artigo 116.1 en relación co artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en diante LCSP.

Visto que se emitiu Memoria xustificativa do contrato a efectos do disposto no artigo 116.4 en relación co artigo 28 da LCSP, xustificando igualmente a insuficiencia de medios (art. 116.4. f) da LCSP).

Visto que, con data do 08/10/2018 polo consello de administración de Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. acordouse a tramitación do procedemento de contratación do servizo de asistencia e defensa xurídica, delegando no Sr. Presidente as facultades para a súa tramitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Sinala o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RGLCAP):

- Artigo 73:
 1. Os expedientes de contratación inicianse polo órgano de contratación determinando a necesidade da prestación obxecto do contrato, ben por figurar esta en plans previamente aprobados ou autorizados, ben por estimarse singularmente necesaria.
 2. Unírase informe razoado do servizo que promova a contratación, expoñendo a necesidade, características e importe calculado das prestacións obxecto do contrato.

SEGUNDO.- Sinala a LCSP:

- Artigo 116:
 1. A celebración de contratos por parte das administracións públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, o cal inicianse polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil do contratante.
 2. O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 7 do artigo 99 para os contratos adjudicados por lotes.



3. Ao expediente incorporárase o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que teñan que rexer o contrato. No caso de que o procedemento elixido para adxudicar o contrato sexa o de diálogo competitivo regulado na subsección 5.ª, da Sección 2.ª, do Capítulo I, do Título I, do Libro II, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas serán substituídos polo documento descritivo ao que fai referencia o apartado 1 do artigo 174. No caso de procedementos para adxudicar os contratos baseados en acordos marco invitando a unha nova licitación ás empresas parte do mesmo, regulados no artigo 221.4, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas serán substituídos polo documento de licitación ao que fai referencia o artigo 221.5 no derradeiro parágrafo.

Así mesmo, deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito ou, no caso de entidades do sector público estatal con presuposto estimativo, documento equivalente que acredite a existencia de financiación, e a fiscalización previa da intervención, no seu caso, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

4. No expediente se xustificará adecuadamente:
- a) A elección do procedemento de licitación.
 - b) A clasificación que se esixa aos participantes.
 - c) Os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo.
 - d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os costes laborais se existiran.
 - e) A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional.
 - f) Nos contrato de servizos, o informe de insuficiencia de medios.
 - g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.
5. Se a financiación do contrato tivera que realizarse con aportacións de distinta procedencia, aínda que se trate de órganos dunha mesma Administración Pública, tramitárase nun só expediente polo órgano de contratación ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse en aquel a plena dispoñibilidade de todas as aportacións e determinarse o orde do seu abono, con inclusión dunha garantía para a súa efectividade.



- Artigo 131:

1. Os contratos que celebren as Administracións Públicas adxudicaranse con suxeición ás normas da presente sección.

2. A adxudicación realizarase, ordinariamente, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e empregando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido, salvo os contratos de concesión de servizos especiais do Anexo IV, que adxudicaranse mediante este último procedemento.

- Disposición Adicional Segunda da LCSP:

1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ni, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior aos catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Polo anteriormente exposto, de conformidade cos artigos indicados na parte expositiva da presente resolución, no exercicio das competencias conferidas,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente para a contratación dun "**SERVIZO DE ASISTENCIA CONTABLE, LABORAL E FISCAL**".

SEGUNDO.- De conformidade co artigo 62.2 da LCSP, designar como responsable do contrato ao Presidente de Ínsula Sanxenxo.

Sanxenxo, 09 de outubro de 2018

O Presidente

EMPRESA MUNICIPAL DE
VIVENDA E SOLO, S.L.
CIF: B-36.537.090

Presidente

Telmo Martín González

Ante mín,

O secretario do Consello de Administración

EMPRESA MUNICIPAL DE
VIVENDA E SOLO, S.L.
CIF: B-36.537.090

Secretaría

Fco. Javier Otero Valladares

